



C O N C E L L O  
D E  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DIRIXIDAS A FAMILIAS DE ESCOLARES QUE UTILIZAN OS SERVIZOS DE MONITORADO PREVIO Á APERTURA DAS AULAS NOS CENTROS PÚBLICOS E CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE RIBEIRA. CURSO 2020-2021**

**BASES**

**PRIMEIRA. Obxecto e finalidade**

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións para o mantemento do servizo de monitorado anterior á apertura das aulas (*madrugada, madrugadores...*) dirixido ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e concertados, de educación infantil e primaria con enderezo en Ribeira que precisen conciliar a súa vida familiar e laboral, para o curso 2020-2021.

**SEGUNDA. Programa subvencionable**

A axuda única establécese para o mantemento do servizo de monitorado anterior á apertura das aulas (*madrugada, madrugadores...*) dirixido ás familias que precisen conciliar a súa vida familiar e laboral.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

**TERCEIRA. Publicidade e prazo**

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas dependencias do Centro Cultural Lustres Rivas, na páxina web do Concello de Ribeira [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal) e no BOP da Coruña.

O prazo de solicitudes permanecerá aberto ao longo do curso escolar 2020-2021

**CUARTA. Crédito Orzamentario**

O crédito previsto para o outorgamento destas subvención recóllese na seguinte aplicación orzamentaria.

231C.48005

Ata unha contía máxima de 10.000 €

**QUINTA. Persoas beneficiarias.**

Poderán solicitar e beneficiarse destas achegas todas aquelas familias que cumpran o seguinte requisito:

- Unidade familiar na que os proxenitores, en caso de unidades monoparentais a/o proxenitor/a, teñan un horario laboral incompatible co horario de entrada no centro ou centros de ensino en que estea escolarizado o menor ou menores ao cargo.

#### SEXTA. Requisitos xerais

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a da axuda:

Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Ribeira (a comprobación será realizada pola Concellería de Educación).

Convivir cos/cas alumnos/as para quen se solicitan as axudas.

Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou concertados, en segunda etapa de educación infantil e primaria no termo municipal de Ribeira.

Que o horario laboral de ambos os dous proxenitores, no caso de familias monoparentais do/da proxenitor/a, sexa incompatible co horario do/da menor escolarizado/a en Ribeira.

Presentar a solicitude e o resto da documentación necesaria.

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadroamento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que conorra esta circunstancia.

#### SÉTIMA. Solicitude e documentación



C O N C E L L O  
D E  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

As solicitudes das axudas para o mantemento do servizo de monitorado anterior á apertura das aulas (*madruga, madrugadores...*) dirixido ás familias que precisen conciliar a súa vida familiar e laboral presentaranse acompañadas da documentación esixida.

Solicitude: Anexo I debidamente cuberto.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante representante da unidade de convivencia familiar.

Fotocopia do libro de familia completo.

Certificado de matrícula no centro de ensino do/da menor.

Certificados das empresas onde desenvolven o seu traballo os proxenitores, no caso de familias monoparentais o/a proxenitor/a, no que se indique que están de alta e o horario laboral.

Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida pola área de Educación para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

#### OITAVA. Presentación de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

#### NOVENA. Criterios de valoración

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a incompatibilidade do horario laboral dos proxenitores, no caso de familias monoparentais o/a proxenitor/a, co horario do/da menor escolarizado/a en Ribeira, coa única intención de apoiar a conciliación laboral e familiar.

#### DÉCIMA. Comisión de valoración e instrución do procedemento.

A instrución do procedemento corresponderalle á Concellería de Educación. No seo desta concellería constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidencia: O/a concelleiro/a delegado/a da área correspondente, ou persoa en quen delegue.

- Vogais: Dous traballadores/as empregados municipais, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Nas comisións actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello. Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía resolverase a designación dos empregados propostos pola Concellería de Educación:

- O/A traballador/a municipal e vogal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.

-A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

A comisión analizará as solicitudes presentadas determinando cales reúnen as condicións para se converter en beneficiarios. A este efecto polo servizo correspondente emitirase con carácter previo un informe ao respecto, que será incorporado ao expediente. A Comisión poderá realizar de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados pola persoa beneficiaria, en virtude dos cales formulará a proposta de concesión de subvención.

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, procederase á notificación individual das solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan corrixir as deficiencias no prazo de 10 días naturais.

#### DÉCIMA. Tramitación e resolución das axudas

Resultado da instrución do procedemento e analizadas as posibles correccións presentadas polos solicitantes que viran rexeitadas as súas solicitudes, xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, dirixirase unha proposta á Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

A proposta de resolución conterá unha relación na que figure o nome e apelidos de quen representa a unidade familiar e a proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido ou denegado):

En caso de que se denegue a axuda indicarase o que corresponda:

Non achegan a documentación requirida.



C O N C E L L O  
D E  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Non estar empadroados/as neste Concello.

O centro non conta co servizo para o que se solicita a axuda.

O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Ribeira.

A notificación realizarase no enderezo electrónico indicado na solicitude.

DÉCIMO PRIMEIRA. Contía, pagamento das axudas e xustificación

Contía:

A axuda municipal será do 50% do prezo mensual do servizo, ata un máximo de 50€ mensuais por alumno ou alumna.

**Pagamento das axudas ás entidades colaboradoras e seguimento:**

As axudas concédense ás familias e pagaranse aos centros ou entidades en quen deleguen, que actuarán como entidades colaboradoras en materia de xestión e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros ou entidades en quen deleguen, asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas, os traslados e as non asistencias dos/as alumnos/as beneficiarios/as á Concellería de Educación.

O pagamento das axudas de monitorado previo á apertura matinal das aulas realizarase mediante transferencia, logo de presentar a correspondente factura mensual emitida polo centro ou entidade en quen deleguen. As facturas cumprirán cos requisitos establecidos no RD 1619/2012.

As direccións dos centros educativos designarán 1 responsable de verificar a asistencia diaria ao servizo de monitorado previo ao inicio do horario escolar do alumnado beneficiario da subvención.

A persoa responsable enviará un parte mensual de asistencia de cada alumno/a beneficiario/a da axuda, co obxecto de cotexar a asistencia diaria coa relación nominativa de alumnos/as que figuran na factura mensual que se presentará ao cobro no Concello de Ribeira.

Desde a Concellería de Educación enviarase o primeiro día lectivo de cada mes ao correo electrónico designado ao efecto, a relación do alumnado subvencionado para facilitar o labor de control de asistencia ao servizo de monitorado por parte da persoa responsable designada para tal efecto.

Os traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos ao longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista o servizo e sexa comunicado á Concellería de Educación para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a persoa responsable da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda quen se faga cargo do pagamento do servizo de monitorado ata o remate do dito mes.

As novas altas, polos motivos que consten nos respectivos expedientes, serán comunicadas pola Concellería de Educación a través do correo electrónico designado para tal efecto.

#### DÉCIMO SEGUNDA. Reclamacións

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

#### DÉCIMO TERCEIRA. Obrigas dos/as beneficiarios/as

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

Comunicar á Concellería de Educación ou ao centro educativo a baixa ou renuncia.

O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de monitorado anterior ao inicio das aulas ao que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

O pagamento, por parte do pai, nai ou titor (representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda), da diferenza entre o prezo real do servizo e a axuda que percibe (axuda do 50% do prezo, ata un máximo de 50€ por alumno/a).

#### DÉCIMO CUARTA. Compromiso das entidades colaboradoras

Os centros educativos ou entidades en quen deleguen, adquirirán o compromiso de velar polo cumprimento do establecido nestas bases, para favorecer o bo funcionamento do servizo así como a verificación da asistencia dos/as alumnos/as



C O N C E L L O  
D E  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

beneficiarios ao servizo de monitorado anterior á apertura das aulas (*madruga, madrugadores...*).

DÉCIMO SÉTIMA. Revogación e réxime sancionador

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO QUINTA. Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Ribeira, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ribeira, na data da sinatura dixital.



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA

### *Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

Extracto de la resolución de Junta de Gobierno Local de 3 de diciembre de 2020 por la que se convocan las ayudas municipales dirigidas a familias de escolares que utilizan los servicios de monitorado previo a la apertura de aulas en centro públicos y concertados de educación infantil y primaria del Ayuntamiento de Ribeira para el curso académico 2020-2021

BDNS(Identif.):537195

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/537195>)

#### **Primero.-Beneficiarios.**

Podrán optar a estas subvenciones las personas que reúnan las siguientes condiciones:

Que la unidad familiar de convivencia esté empadronada en el Ayuntamiento de Ribeira.

Convivir con los/as alumnos/as para los que se solicitan las ayudas.

Que los/as alumnos/as para los que se solicitan las ayudas estén matriculados/as o tengan reserva de matrícula en centros públicos o concertados, en segunda etapa de Educación Infantil o Educación Primaria.

Que el horario laboral de ambos progenitores, en caso de familias monoparentales el de el/la progenitor/a, sea incompatible con el horario de el/la menor escolarizado/a en Ribeira.

Tener presentada la solicitud y documentación en el plazo y forma legal establecido.

#### **Segundo.-Objeto.**

Esta convocatoria tiene por objeto regular el procedimiento para la concesión de subvenciones para el mantenimiento del servicio de monitorado anterior a la apertura de aulas, dirigido a las familias de los/las alumnos/as de centros docentes públicos y concertados, de educación infantil y primaria con domicilio en Ribeira, que necesiten conciliar su vida familiar y laboral, para el curso 2020-2021.

#### **Tercero.-Bases reguladoras.**

Ordenanza general de subvenciones del Concello de Ribeira, incluidas en las Bases de Ejecución del presupuesto.

#### **Cuarto.-Cuantía.**

El crédito previsto para el otorgamiento de estas subvenciones se recoge en la aplicación 231C.48005 con una cuantía de 10.000 euros. La ayuda municipal será del 50% del precio mensual del servicio, hasta un máximo de 50 euros mensuales por alumno/a.

#### **Quinto.-Periodo elegible.**

Se acogerán a estas ayudas los alumnos/as empadronados en el ayuntamiento de Ribeira y matriculados en el curso académico 2020-2021

#### **Sexto.-Plazo de presentación de solicitudes.**

El plazo para presentar empezará al día siguiente a la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia y permanecerá abierto a lo largo del curso escolar 2020-2021.

RIBEIRA

3/12/2020

MANUEL RUIZ RIVAS, ALCALDE

2020/9159